

Benvidos ao Centro Cultural “Marcos Valcárcel” desta Deputación. Benvidos á capital do reino suevo nestes meses de remate de 2017 e comezos de 2018. Aquí estaría –está- Marcos Valcárcel, sen dúbida, un profundo investigador da nosa Historia. Como estaría –está- Carlos Casares, o protagonista das letras galegas neste ano que esmorece. Dous ourensáns orgullosos de ser ourensáns. Orgullosos de Ourense, unha provincia que hoxe esperta protagonizando unha exposición irrepetible, unha mostra internacional cargada de Historia, armada de entidade política de seu: falamos nin máis nin menos dunha época, hai máis de 1600 anos, en que se configurou aquí, o primeiro Estado de Europa: o reino suevo da Gallaecia.

Tiven a oportunidade de anunciar esta realidade o 11 de novembro de 2016, na entrega do Premio Ourensanía. Un ano 2016, declarado Martiniano polo Papa Francisco, onde Ourense tamén posicionouse fortemente cun gran congreso internacional na honra de San Martín de Tours, o noso patrón. Un evento co que celebramos daquela os 1700 anos do seu nacemento. Un feito que tamén anunciara un día 11 de novembro, neste caso de 2015, tamén na entrega do Premio Ourensanía, outra aposta deste goberno de Ourense pola identidade, pola auto-identificación, polo orgullo de pertencer a unha terra con moito que contar e moito por facer.

Unha terra, e unhas xentes, como os suevos, traballadores, creativos e emigrantes. Con capacidade e valentía para amosar a milleiros de quilómetros da súa patria natal talento e decisión para converter en realidade proxectos persoais e colectivos.

Permítanme que faga un recoñecemento especial a todo o gran equipo humano que fai posible esta magna exposición. Que leva moito tempo traballando, xestionando, negociando, executando, deseñando, artellando e facendo posible unha idea que hoxe cristaliza aos ollos do mundo.

E persoalmente teño que agradecer o impulso e paixón por Ourense do comisario Jorge López Quiroga, a quen coñezo dende moi neno por compartir mil e unha experiencias nesta Auria blancoamoriana, nesta “patria do corazón” como acertadamente denomina a Ourense o xenial Manuel de Dios no noso himno “Ourense no solpor”. Graciñas Jorge. Todos os meus parabéns pola túa traxectoria profesional e científica, nacional e internacionalmente, e polo teu talante e vigor persoal: sen dúbida unha imaxe de marca do noso Ourense.

Grazas tamén, por suposto, ao teu compañeiro de comisariado Artemio Martínez. E tamén o meu expreso agradecemento á implicación e compromiso de Manuel Doval, deputado de Cultura, e de Aurelio Gómez Villar, asesor de política cultural do goberno provincial.

A exposición In Tempore Sueborum inaugúrase hoxe e permanecerá aberta ata o 4 de Marzo de 2018. Nos tres espazos expositivos (Centro Cultural Marcos Valcárcel, Igrexa de Santa María Nai e Museo Municipal) poderemos ver xuntos, por primeira vez en

Europa, 262 pezas de valor incalculable, procedentes de 39 museos de dez países (España, Portugal, Austria, República Checa, Hungría, Eslovaquia, Polonia, Bélxica, Francia e Alemaña).

Para facérmonos unha idea aproximada da súa dimensión, dicir que supera en número de pezas á exposición máis importante da Historia de Galicia, a célebre “Galicia no Tempo” que o goberno autonómico organizou en Compostela hai vinte e seis anos.

Museos de gran prestixio como o Museo de Historia do Arte de Viena, o Museo Nacional de Hungría (Budapest), o Museo Estatal de Berlín, o Museo Nacional de Eslovaquia, o Museo Arqueolóxico de Estrasburgo, o Museo Nacional de Arqueoloxía de Lisboa, o Museo Arqueolóxico Nacional...colaboran nesta exposición que supón un verdadeiro acontecemento cultural a nivel internacional que xera unha enorme expectación.

Moitos dos obxectos serán expostos xuntos por primeira vez (os famosos caldeiros de bronce decorados con bustos de Suevos procedentes de Leborok –Polonia- e Musov, República Checa), algúns de altísimo valor histórico-arqueolóxico (como os depósitos funerarios de Beiral, en Ponte de Lima, Portugal; ou os de Mérida, entre eles o probable enxoval funerario da muller do Rei suevo Requila, padre de Requiario; as silicuas de prata acuñadas por Requiario co seu nome expóñense en Ourense por primeira vez na Historia).

Os Suevos nunca protagonizaran unha exposición monográfica centrada no período no que crearon o primeiro reino medieval de occidente. Os Suevos foron, ademais, o primeiro dos pobos bárbaros que se converteron ao catolicismo; e Requiario o primeiro rei bárbaro que acuñou moeda co seu nome.

En Galicia, na Gallaecia, no ano 411 d. C. creouse unha entidade política baixo a forma de reino, sete anos antes da constitución do primeiro reino visigodo en Aquitania. Este é un feito que adquire especial significación no contexto político que estamos vivindo en España, pois Galicia posúe argumentos históricos de peso e inequívocos da súa identidade que funden as súas raíces hai máis de 1600 anos.

Señoras e señores, pasen e vexan. Pasen e vivan. Verán obxectos nunca expostos, mesmo algúns considerados “desaparecidos”, e que en Ourense amosaranse por primeira vez en público como o colar de ouro e o anel con granates da necrópole de Beiral, dúas pezas únicas no seu xénero.

Por primeira vez na península ibérica (é a cuarta vez que sae de Austria) exporase un obxecto único, un dos tesouros máis prezados do prestixioso Museo de Historia do Arte de Viena: o anel signatario do Rei Alarico II.

Os Suevos marcan a Historia de Europa ao situarse como os pioneiros na creación da entidade política que definirá toda a Idade Media: os reinos ou principados territoriais.

En 2017, exactamente 1606 anos despois, a Deputación Provincial de Ourense, situándose na vangarda das iniciativas culturais e patrimoniais, retoma ese carácter precursor dos Suevos organizando esta mostra monográfica -nunca realizada- que sitúa a Ourense á cabeza das grandes exposicións que definen a identidade dun territorio a través da difusión e posta en valor do seu acervo cultural e patrimonial.

As leccións do período no que os Suevos configuraron un reino autónomo no noroeste da península ibérica son moitas e de gran relevancia para os nosos tempos convulsos. Xurdiron e medraron, os Suevos, nun mundo, hai dous mil anos, tamén “globalizado”: o Imperio Romano.

Un Imperio que tamén tivo unha importante pegada en Ourense, e basta lembrar non só a nosa Ponte Vella, tamén o campamento de Aquis Querquennis, unha referencia cultural tamén europea. Roma, unha xigantesca maquinaria burocratizada ata límites insospeitados na véspera das que nos nosos manuais escolares estudiamos como “Invasións Bárbaras ou xermánicas” que acabarían destruindo a maior estrutura político-territorial xamais coñecida. Pero o Imperio, a finais do século IV e comezos do V, non era poboacional e culturalmente homoxéneo; dende había moito tempo, case dende as súas orixes, era unha sociedade multi-cultural e heteroxénea, pois baixo o superficial verniz identitario da “cidadanía romana” agochábanse múltiples identidades.

E ese foi o grande éxito de Roma: a tolerancia e a integración, por intereses xeopolíticos e xeo-estratéxicos, por suposto, pero verdadeiramente proveitosa e duradeira.

Certamente son moitas as ensinanzas do período que abarca esta exposición para comprender e afrontar os problemas da nosa sociedade actual: como a comezos do século V, non estamos sendo “invadidos”; e tamén, como a comezos do século V, a solución aos conflitos e desafíos, políticos e territoriais, pasa pola integración e a tolerancia, única receita para xestionar sociedades multi-culturais que non se basean nunha única identidade senón en moitas identidades entrelazadas ao longo do atempo, é dicir, da nosa común Historia.

Señoras e señores, estamos ante un acontecemento único. Vivamos este momento. Un fito cultural internacional irrepetible. Un evento que leva parello unha serie de conferencias de altísimo nivel científico. Uns meses para lembrar pola proxección de Ourense e por poñer a proba a nosa acreditada capacidade organizativa. Dende Ourense para o mundo.

Non o dubiden. Moito se falará e se escribirá de *In Tempore Sueborum*. Moito se referenciará este acontecemento cultural único. Pídolles que sexamos dignos protagonistas do momento.

O ourensán Xosé Luís Méndez Ferrín, un xigante das nosas letras, expresidente da Real Academia Galega, publicaba un artigo hai unha semana exactamente sobre esta exposición baixo o título “O nacemento do Reino de Galicia”. Decía que “o rei Hermerico conduciu ao pobo suevo dende veigas próximas ao Danubio, na actual Eslovaquia, até a terra prometida que para el e os seus foi a provincia Gallaecia. Trátase do peregrinar dun pobo enteiro, con mulleres, nenos, guerreiros, poemas, gado e soños do centro oriente ao occidente de Europa. Eles preservaron o nome de Gallaecia, en canto que Lusitania, Cartaginense ou Bética se perdían nos remuíños do tempo pasado. Hoxe nós somos Galicia”.

Continúa o mestre Ferrín considerando a Hermerico remoto fundador da lingua galega e da portuguesa. Asegura o profesor que compre unha intervención científica de carácter desgostizador, sinalando unha tarefa pendente: a de revisar a Piel e Kremer, filólogos, para dar explicación en clave sueva á concentración na Gallaecia da case totalidade dos antropotopónimos xermánicos peninsulares tales como Guitiriz, Allariz, Samil, Gondomar, Gandoi, Toimil, Ramirás e centos e centos máis do xénero”.

Señoras e señores. Algo ten Ourense e algo tivo ao longo da Historia. E o que tivo ten. E terá. Ese Ourense capital do reino suevo con Teodomiro reinando do 559 ao 570. Esta Ourense tamén capital cando a Inglaterra dos Lancaster invadiu Galicia e nomeou Rei alá por 1386. Esta Ourense con méritos suficientes para optar a ser capital cultural europea, celebrando en dous anos o centenario da Revista Nós, que da nome a unha xeración de primeiro nivel da que tamén debemos presumir.

Moitas grazas, presidente, pola túa colaboración facendo realidade este momento histórico. Grazas tamén ao Alcalde e ao Bispo da Diocese por ceder os espazos expositivos que deles dependen, conformando un “triángulo” suevo sen parangón. Grazas ao subdelegado do goberno por facilitar que as forzas e corpos de seguridade do Estado escoltasen convintemente todas as pezas, garantindo a súa seguridade nos traslados polo territorio nacional. O meu agradecemento a ABANCA por apostar por un proxecto nacido en Ourense, un dos orixes tamén desta entidade bancaria.

Grazas ao equipo humano capaz de facernos chegar ata aquí e de conseguir o maior dos éxitos de pública e crítica que provoca que lles felicite xa anticipadamente.

Señoras e señores: sigamos apostando pola identidade, polas nosas raíces e pola nosa historia. O goberno provincial non para aquí con esta posta en valor. Xa anunciei algúns dos proxectos culturais de envergadura que verán a luz nos próximos anos. Centrarémonos en 2018 e 2019 na Ribeira Sacra, ese enclave que conta coa “xoia da Coroa” do período suevo que estamos a relanzar en San Pedro de Rocas, concello de Esgos.

Díxeno o pasado 11 de novembro: a ICC Week 2018, o evento nacional da vangarda creativa e tecnolóxica, no vindeiro mes de maio, incluírá na súa programación un

seminario en Rocas sobre “o fenómeno rupestre en Europa: xestión, difusión e posta en valor dun patrimonio singular”. Anuncio agora, nesa mesma liña de actuación, que en marzo/abril de 2019 organizaremos un congreso internacional sobre “A Ribeira Sacra e os orixes do monacato europeo”.

Anuncio tamén, en colaboración necesaria co Bispado de Ourense, os traballos necesarios para averiguar que atopamos debaixo da Igrexa de Santa María Nai, sen dúbida un seguro tesouro arqueolóxico que espertará aínda máis o interese internacional por esta cidade e provincia cultural por excelencia.

Señoras e señores, é unha honra para min vivir xunto a vostedes este momento. Retrocedamos dezaseis séculos e honremos á nosa terra e antepasados con orgullo propio. Orgullo de Ourense. Case nada.

Moitas grazas e moi bo día.